

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Padrón auga 1º e 2º trimestre 2016

EXPOSICIÓN PÚBLICA APROBACIÓN PADRÓN AUGA 1º E 2º TRIMESTRE 2016

Con data do 25/08/2016 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar o padrón da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga correspondente ao 1º e 2º trimestre de 2016.

2.- Comunicar, para os efectos do artigo 63.8 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, e do artigo 49.7 do Decreto 136/2012, que a facturación pola empresa concesionaria do servizo do canon da auga da Xunta de Galicia correspondente ao 1º trimestre ascende a 52.181,13 euros, e, ao 2º trimestre de 2016, a 60.330,77 euros.

3.- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da corporación, por un prazo de 15 días dende a publicación. Esta exposición actúa como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

4.- Contra as liquidacións das taxas municipais incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante a alcaldesa, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta.

5.- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses contados a partir do día seguinte ó da finalización da exposición pública. Transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargos de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

6.- Polo que respecta ao canon da auga da Xunta de Galicia, a falta de pagamento do mesmo no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende o día seguinte á publicación do presente acordo no B.O.P.

Melide, 29 de agosto de 2016

A alcaldesa

Dalia García Couso

2016/7148